

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 2 DE SETEMBRO DE 2019

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 10:05 horas do día 2 de setembro de 2019, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 28 de agosto, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. Patricia Rodríguez Calviño

Vocais: D^a. Margarita Parajó Calvo, titular da Asesoría xurídica
D. Alberto Escariz Couso, interventor municipal
D^a. Susana Gallardo Fariña, vogal suplente do secretario xeral do Pleno
D. Óscar Couce Senra, xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento (asiste ao punto 6a)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

6.- Apertura económica**a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas na rúa Abade Juan de Bastos – Matamá" (234-441)**

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

Pola Secretaría e a Presidencia procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "*Proposición avaliable mediante fórmula*" dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Prezo do contrato
1	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A.	158.619,48 €
2	OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L.	152.057,32 €
3	ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L.	152.255,29 €
4	MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, SOCIEDAD LIMITADA	156.568,87 €
5	COPCISA, S.A.	201.437,52 €
6	CONSTRUCCIONES CASTRO-FIGUEIRO, S.L.	167.437,38 €
7	NEMESIO ORDÓÑEZ, S.A.	171.948,84 €



	Licitador	Prezo do contrato
8	SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DE MIÑO, S.L.	154.154,00 €
9	CONSTRUCCIONES CERNADAS, S.L.	158.106,82 €
10	ORECO, S.A.	174.573,72 €
11	NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.	156.138,17 €
12	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.	153.000,64 €
13	SODEIN SOLUCIONES INTEGRALES, S.L.	155.971,42 €
14	CONSTRUCCIONES VALE, S.L.	155.748,55 €

Asisten á apertura D. Manuel Alonso Vasconcelos, con DNI **.62.26*, en representación da Federación Galega da Construción; e D^a. Marta Santos Fernández, con DNI **.14.30*, en representación de COPCISA, S.A. As actas de asistencia asinadas figuran no correspondente expediente.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

9.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliábeis mediante fórmula nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de atención e control ao público nas instalacións de Vigozoo (9.769-612)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

Entrégase o informe asinado polo director de Réxime Interior de VizoZoo o 26 de agosto de 2019 de valoración do sobre C "*proposición avaliábeil mediante fórmula*" coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

10.- Propostas de clasificación/clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de atención e control ao público nas instalacións de Vigozoo (9.769-612)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 17:21	Páxina 2 de 3
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFAC4E-E6BDBD-21B6C3-4QW464-GAUC5G-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



atención e control ao público nas instalacións de Vigozoo (9.769-612) na seguinte orde descendente:

Licitadores	Puntuación total
EULEN, S.A.	100
SAMYL, S.L.	61.05

Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, EULEN, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 10:30 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 17:21	Páxina 3 de 3
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFAC4E-E6BDBD-21B6C3-4QW464-GAUC5G-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		